

INFORME-AVALIACIÓN-FINAL-EXTERNA

Proxecto:

Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego

Executado por:
ACPP e AGARESO



Avaliadora externa: Raquel Doallo Álvarez
Decembro 2020

*O feminismo é a arma máis potente para loitar contra o racismo e o fascismo.
Angela Davis.*

ÍNDICE

1. Resumo executivo.	2
2. Descrición da intervención avaliada.	5
3. Obxectivos da avaliación.	7
4. Plan de traballo e cronograma.	9
5. Análise de información: resposta ás preguntas de avaliación.	13
5.1. Preguntas ligadas á coordinación e sentido de pertenza á rede.	13
5.1.A. <i>Como consorcio.</i>	13
5.1.B. <i>Desde a óptica do traballo en rede.</i>	14
5.2. Preguntas sensibles ao xénero en tres eidos concretos.	16
5.2.A. <i>Deseño.</i>	16
5.2.B. <i>Execución.</i>	18
5.2.C. <i>Efectos e impacto.</i>	26
6. Conclusións.	32
7. Recomendacións.	35
ANEXOS.	37
Anexo 1. Preguntas de avaliación.	38
Anexo 2. Axenda de traballo de campo.	40
Anexo 3. Guions das entrevistas realizadas.	42

1. RESUMO EXECUTIVO.

No presente informe descríbese o traballo de avaliación externa con enfoque de xénero realizado para o proxecto “*Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego*” executado por Asemblea de Cooperación pola Paz (en adiante, ACPP) en agrupación coa Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (en adiante, AGARESO) e cofinanciado pola Xunta de Galicia a través da convocatoria do ano 2019 de subvencións a proxectos de educación para o desenvolvemento e cidadanía global desenvolvidos por ONGD.

O mencionado traballo de avaliación externa foi realizado entre outubro e decembro de 2020 pola avaliadora Raquel Doallo Álvarez, que xa traballou anteriormente desde a cooperativa Cestola na Cachola en procesos de avaliación participativa de fases previas do proxecto agora avaliado.

O contexto ligado á COVID-19 xerou unhas dificultades avaliativas específicas. Por iso, acordouse coa coordinación técnica do proxecto por parte de ACPP orientar o proceso de avaliación final da intervención cara á realización dunha **avaliación con enfoque de proceso focalizada na revisión da perspectiva de xénero do proxecto**. Deste xeito, na información recompilada foise máis aló do curso 2019-2020, malia que tamén se tiveron en conta as aprendizaxes e valoracións xeradas a partir dunha **diagnose avaliativa da situación actual**, así como no tocante á **análise das relacións e estratexias de coordinación e xestión do proxecto**.

Sabendo que a nova realidade está aínda protagonizada polas incertezas, queda claro que todas as axentes que forman parte e traballan en prol da intervención asumen o compromiso de continuidade da mesma; neste senso, no momento de redacción deste informe está a executarse a nova edición do proxecto (coñecido como “*Escolas sen Racismo*”, en adiante ESR) cofinanciado pola Cooperación Galega, que asegura a execución da proposta cando menos ata o próximo ano 2021.

En base ao enfoque de avaliación acordado, formulouse unha batería de **preguntas de avaliación**¹ (*Anexo 1. Preguntas de avaliación*) sobre as cales se desenvolvería posteriormente o traballo de

¹ Para a elaboración destas preguntas tomouse como inspiración o documento *Evaluar la Educación para el Desarrollo – Aprendiendo de nuestras Experiencias*, de Fundación Albinar (2014).

recompilación de información vía entrevistas e encontros (información primaria) e revisión documental (información secundaria). Estas preguntas trazáronse basicamente ao redor de 2 eixos:

- A) **Ligadas á coordinación e sentido de pertenza á rede.**
- B) **Sensibles ao xénero, en tres eidos concretos do proxecto: deseño; execución; efectos e impacto.**

Previamente á recollida de información primaria directamente das axentes involucradas no proxecto 2019-2020, recompilouse e procedeuse ao estudo da documentación de formulación e seguimento do proxecto, xunto coa revisión das principais fontes de verificación dispoñibles no momento de realizar dito estudo documental.

Acordouse coa técnica responsable da coordinación da avaliación por parte de ACPP, Raquel López, que se realizarían preferiblemente entrevistas en formato virtual/a distancia por motivos de saúde e seguridade debido á COVID-19. Deste xeito, para a obtención de información primaria, seleccionouse unha batería de axentes coas que se considerou pertinente contar para esta avaliación final para a realización de entrevistas e encontros e a técnica responsable de ACPP apoiou na coordinación do contacto cunha mostra das persoas seleccionadas que finalmente se traduciu nun total de 15 entrevistas, encontros e dinámicas maioritariamente en liña (ver *Anexo 2. Axenda de traballo de campo e Anexo 3. Guions das entrevistas realizadas*):

- A. **Entrevistas con persoal técnico das ONGD promotoras do proxecto.**
 - Dúas entrevistas con Raquel López, técnica de ACPP e coordinadora do proxecto en representación de ACPP como ONGD cabeza do consorcio promotor do mesmo.
 - Entrevista con Alejandro Quiñoá, coordinador de ACPP Galicia.
 - Entrevista grupal con Lorena Seijo e Antonio Grundfeld, coordinadora de AGARESO e técnico coordinador de ESR desde AGARESO respectivamente.
- B. **Entrevistas individuais e encontro grupal coas responsables das asistencias externas** que executan accións no proxecto: Noelia Darriba de Atalaia Social, Monse Vilar de Lila de Lilith e Paula Lubián de Feitoría Verde, S. Coop. Galega.
- C. **Entrevistas co persoal orientador e/ou docente** de 6 dos 8 centros educativos participantes no proxecto.

D. **Entrevista con Carolina Diz Otero, asesora técnica en Cooperación para o Desenvolvemento e Acción Humanitaria da Xunta de Galicia**, como representante da entidade cofinanciadora da intervención.

Deste xeito, en base aos obxectivos da avaliación e premisas previas, desenvolveuse a avaliación conforme ao seguinte esquema de traballo por fases:

Fase 0. *Coordinación e planificación.*

Fase 1. *Análise documental.*

Fase 2. *Recollida de información vía entrevistas e encontros.*

Fase 3. *Análise da información recollida e elaboración de informe-borrador.*

Fase 4. *Envío de informe-borrador, socialización e remisión de informe definitivo de avaliación final externa.*

Queda claro que a COVID-19 supuxo un reto complexo para a execución e seguimento do proxecto avaliado; tendo en conta dito contexto, unha parte das actividades marcadas na formulación desenvolveuse de forma adiada no tempo (previa autorización de prórroga por parte da Xunta de Galicia), e outra en formatos alternativos aos inicialmente previstos, debido á nova realidade de traballo que impide dinámicas características da metodoloxía do ESR, máis centradas no traballo presencial e grupal.

As principais **conclusións e recomendacións** extraídas desta avaliación suxiren camiñar cara á **continuidade do traballo en rede do consorcio en alianza con iniciativas externas**, insistindo na importancia de **reforzar unha estratexia de traballo colectiva** definida en todas as fases do proxecto - desde a identificación á avaliación do mesmo - na busca da participación crítica e activa de todas as axentes involucradas e comprometidas coa proposta. Achéganse tamén algunhas recomendacións concretas, moitas trasladadas polas axentes entrevistadas nesta avaliación, que poden contribuír a **consolidar e re-contextualizar a introdución da perspectiva de xénero** na intervención.

2. DESCRICIÓN DA INTERVENCIÓN AVALIADA.²

O proxecto “*Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego deu continuidade ao traballo de ESR*” que desde 2011 leva desenvolvéndose no eido da educación formal, presentouse novamente na forma de consorcio entre ACPP e AGARESO e contou co cofinanciamento da Cooperación Galega.

A proposta formulouse con un **enfoque de continuidade** e un **calendario intensivo en número de accións e axentes implicadas** na súa execución, unha parte das cales traballa no proxecto na forma de asistencia técnica externa. No tocante á **intervención nas aulas**, combínase a presenza directa das mencionadas asistencias técnicas para o desenvolvemento de accións e acompañamento específicas xunto coa presenza de AGARESO traballando eido da educomunicación; sumado ao acompañamento realizado aos **centros educativos de infantil, primaria e secundaria** para a introdución de unidades didácticas e materiais educativos ao redor das temáticas en que se centra a intervención: realidades global e local, interculturalidade, igualdade de xénero, resolución pacífica de conflitos e promoción da cultura de paz escolar. No **eido universitario**, este achegamento temático desenvólvese dun xeito máis focalizado á participación de alumnado universitario en formación específica na forma de primeiro achegamento á cooperación internacional para o desenvolvemento desde a perspectiva da comunicación para o cambio social.

A **COVID-19 supuxo un punto de inflexión** xusto no momento intermedio da execución e continuouse esta a partir dunha **modificación non substancial** dalgunhas accións, o cal permitiu executar a intervención en varias fases ben diferenciadas:

- Por unha banda, antes do período de confinamento puideron realizarse algunhas accións clave formuladas tal e como estaban previstas.
- Unha vez instaurado o estado de alarma co conseguinte confinamento xeral da poboación e imposibilidade física de executar a proxecto tal e como estaba formulado, paralizouse a maior parte da actividade de execución directa – en marcha ata ese momento nos centros

2

educativos -, con algunha excepción cara a formatos virtuais, revisándose metodoloxías con visión de alcanzar os resultados previstos do proxecto.

- Unha vez se aprobou a prórroga solicitada para o proxecto, puideron pecharse as accións previstas para o período lectivo 2019-2020, modificándose cara a un formato virtual o traballo coa comunidade universitaria – manténdose o Seminario de Comunicación Social e Cooperación Internacional organizado coa USC e eliminándose o curso de Introducción á Cooperación e Comunicación para o Cambio Social organizado coa UdC - e desenvolvéndose de forma presencial o resto de accións con centros educativos, xa unha vez iniciado o novo curso 2020-2021.

A continuación, móstrase unha ficha descritiva cos datos básicos da intervención avaliada.

Título	Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego
Ubicación	Galicia
Cronograma	Previsto en formulación: 01/09/2019 a 31/08/2020 Executado (prórroga 3 meses): 01/09/2019 a 31/12/2020
ODS meta	ODS: 4.7
Dimensións EpDCG	<ul style="list-style-type: none"> - Sensibilización, concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza - Formación sobre o desenvolvemento, difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento - Incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade
Poboación destinataria	Alumnado de educación infantil, primaria, secundaria, ciclosformativos, profesorado e persoal de orientación e alumando universitario
Custe total do proxecto	47.530,00 euros

Táboa 1. Ficha descritiva da intervención avaliada. Fonte: elaboración propia a partir do documento de formulación.

3. OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN.

Tratando de avaliar os resultados esperados do proxecto, o presente informe é o resultado de poñer o foco avaliativo na **revisión da perspectiva de xénero** do proxecto, en combinación coa busca dunha **actualización de contexto** a través da realización unha **diagnose participativa das relacións de coordinación e o traballo en rede** desenvolvido no marco do proxecto *“Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego”*.

Toda avaliación ten como obxectivo recoller e analizar sistematicamente unha información para poder comprender e dotar de significado o que ocorre no proxecto avaliado, do que se deducirán unha serie de xuízos específicos que permitirán á axente que solicita a avaliación rendir contas e tomar decisións sobre a mellora da futura intervención avaliada. Neste senso, na avaliación do presente proxecto analízase, desde o cumprimento de resultados esperados do proxecto formulado, como se vai camiñando de maneira progresiva cara ao Obxectivo Xeral do proxecto, tendo en conta especificamente o enfoque de xénero e a coordinación e traballo en rede, que se incorporan como parte da matriz de proxecto nos seus obxectivos e resultados esperados:

OX. Contribuír ao fortalecemento da educación e comunicación para o desenvolvemento e a cidadanía global en Galicia.

OE. Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego.

R1.1. Mellorados os coñecementos, habilidades e actitudes de alumnado e profesorado de 8 centros de ensino galego (infantil, primaria e secundaria) no eido da EpD e a cidadanía global.

R1.2. Melloradas as capacidades e o acceso e aplicación de ferramentas para unha comunicación transformadora do alumnado e profesorado de 4 centros educativos.

R1.3. Mellorados os coñecementos, habilidades e actitudes do alumnado universitario en materia de Cooperación e Comunicación para o cambio social.

R1.4. Fomentado o coñecemento e análise sobre o proxecto de cara á súa visibilidade e aprendizaxe colectiva.

A situación xerada por mor da COVID-19 condicionou a avaliación e desde as entidades do consorcio promotor do proxecto se recoñeceu e reaccionou ante a forte influencia do contexto no ritmo e potencial impacto da execución do proxecto. Na busca da construción dunha metodoloxía e enfoque de avaliación que xerara resultados de utilidade para a intervención, acordouse desenvolver unha proposta que, desde a recompilación de información primaria, partiu do enfoque de continuidade da proposta. A perspectiva das preguntas realizadas nas diversas entrevistas e encontros foi acoutada en función de ditos obxectivos da avaliación, que combinaron deste xeito a **busca de aprendizaxes contextuais** coa reflexión ao redor dos **impactos e potencialidades da perspectiva de xénero** da intervención.

4. PLAN DE TRABAJO E CRONOGRAMA.

Deseñáronse unha serie de subfases de actuación que permitiron planificar e executar o traballo de avaliación de maneira organizada:

- **Fase 0. Coordinación e planificación, seguimento e comunicación co persoal técnico de ACPP, como ONGD coordinadora do consorcio promotor.** Mantívoase unha comunicación continuada con Raquel López como técnica de ACPP responsable do proxecto no momento da avaliación externa, vía *email* e telefónica. Coordinouse a axenda para a realización de entrevistas e encontros a distancia e traballouse cun enfoque participativo que conlevou, previamente á entrega definitiva do presente documento de avaliación final, a elaboración e envío dun informe-borrador aberto á súa socialización co consorcio promotor do proxecto.
- **Fase 1. Traballo de gabinete.** Desenvolveuse unha fase de revisión documental, previa ao traballo de recollida de información vía entrevistas e encontros maioritariamente en liña e en paralelo ao deseño da metodoloxía de avaliación, que se concretou na redacción das preguntas-guía da avaliación. Desde ACPP proporcionáronse os documentos clave para o estudo do proxecto:
 - Documento de formulación do proxecto avaliado e do proxecto en marcha no momento da avaliación.
 - Informe de seguimento do proxecto avaliado.
 - Solicitud (aprobada) de reformulación do proxecto a causa da crise provocada pola COVID-19.
 - Fontes de verificación de especial relevancia para a avaliación dispoñibles no momento da avaliación.
 - Documentos das estratexias de EpDCG de ACPP e AGARESO.
 - Documentación e información de interese da edición en marcha de ESR que puidesen afectar á avaliación, como axenda e planificación de actividades, actualización de recursos...

- **Fase 2. Recompilación de información primaria vía entrevistas e encontros.** De mutuo acordo coa técnica responsable e en vista da situación xerada pola COVID-19, decidiuse desenvolver toda a recompilación de información primaria maioritariamente a través de entrevistas a distancia, en formato videoconferencia. En total, recolleuse información a través de 15 entrevistas e encontros coas diversas axentes involucradas, incluíndo persoal do consorcio, axentes participantes e a Cooperación Galega – Xunta de Galicia como axente cofinanciadora:

A) *Entrevistas con persoal técnico das ONGD promotoras do proxecto:*

- Dúas entrevistas con Raquel López, técnica de ACPP e coordinadora do proxecto en representación de ACPP como cabeza do consorcio promotor do mesmo. O obxectivo da primeira entrevista foi contextualizar e obter un coñecemento o máis detallado posible da execución da intervención, xa que a mesma sufrira cambios na súa matriz de actividades a consecuencia da situación xerada por mor da COVID-19. Posteriormente, realizouse unha segunda entrevista de avaliación con Raquel López, máis centrada na análise do enfoque de xénero do proxecto.
- Entrevista con Alejandro Quiñoá, coordinador de ACPP Galicia. Posto que a técnica de ACPP Galicia se incorporara como traballadora da ONGD coincidindo coa segunda anualidade do proxecto (e co período de confinamento), considerouse especialmente relevante contar cunha segunda voz de ACPP para obter unha maior visión de proceso da intervención, especialmente no tocante á coordinación e xestión do proxecto. Esta visión foi facilitada polo rol de Alejandro Quiñoá na ONGD como coordinador, a través dunha entrevista desenvolvida de forma escrita.
- Entrevista grupal con Lorena Seijo e Antonio Grundfeld, coordinadora de AGARESO e técnico coordinador de ESR desde AGARESO respectivamente. Nesta entrevista combináronse preguntas dirixidas cara á diagnose interna da situación e evolución da coordinación e xestión do proxecto, xunto con cuestións que indagaban na análise da perspectiva de xénero do proxecto.

B) *Entrevistas con responsables técnicas das asistencias externas que executan accións no proxecto:*

- Noelia Darriba de Atalaia Social, para indagar ao redor da perspectiva de xénero do proxecto.
- Monse Vilar de Lila de Lilith, para indagar ao redor da perspectiva de xénero do proxecto.
- Paula Lubián de Feitoría Verde, S. Coop. Galega, para indagar ao redor da perspectiva de xénero do proxecto.

Ademais, recompilouse información a partir dunha dinámica grupal de diagnose realizada coas asistencias técnicas do proxecto e a participación de AGARESO e dinamizada por Raquel López de ACP, dentro dunha xuntanza máis ampla organizada por ACP orientada á coordinación e planificación xeral do proxecto *ESR 2020-2021*. Aproveitouse este espazo compartido para desenvolver un exercicio escrito colaborativo con posta en común onde se valorou o curso 2019-2020 desde unha perspectiva avaliativa, o cal xerou información de utilidade para a avaliación final do proxecto.

C) *Entrevistas co persoal orientador e/ou docente de centros educativos participantes no proxecto:*

- Ana Gulías e Gracia Sanctorum, orientadora e docente respectivamente do IES Laxeiro de Lalín.
- Ana Ríos, orientadora do IES de Brión.
- Beniví Martínez, orientadora do IES Torrente Ballester de Pontevedra.
- Cristina Galdo, orientadora do IES Xulián Magariños de Negreira.
- Ana Balboa, directora e docente do IES Milladoiro.
- Pepa García, directora e docente do CPR Vilas Alborada.

Enviáronse tamén propostas de entrevista ao resto de centros participantes no proxecto, CEIP López Ferreiro e CEIP Apóstolo Santiago, mais non se obtivo resposta.

D) *Entrevista con Carolina Diz Otero, asesora técnica en Cooperación para o Desenvolvemento e Acción Humanitaria da Xunta de Galicia, como representante da entidade cofinanciadora da intervención.*

- **Fase 3. Análise da información recollida e elaboración de informe-borrador.** Unha vez se contou con toda a información recompilada a través de fontes primarias e secundarias, procedeuse á súa análise en detalle para a interpretación da mesma e a extracción de conclusións, aprendizaxes e recomendacións.
- **Fase 4. Envío de informe-borrador aberto á socialización, e remisión de informe definitivo de avaliación final externa.** Elaborouse o informe final incluíndo a información máis relevante do proceso avaliativo, nun proceso aberto á posta en común para analizar as conclusións e recomendacións de futuro extraídas no proceso.

CRONOGRAMA:

FASE	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
Fase 0. <i>Coordinación e planificación.</i>			
Fase 1. <i>Traballo de gabinete.</i>			
Fase 2. <i>Entrevistas e encontros.</i>			
Fase 3. <i>Elaboración de informe-borrador.</i>			
Fase 4. <i>Envío de informe de avaliación final.</i>			

Táboa 2. Cronograma. Fonte: elaboración propia.

5. ANÁLISE DE INFORMACIÓN: RESPUESTA ÁS PREGUNTAS DE AVALIACIÓN.

5.1. PREGUNTAS LIGADAS Á COORDINACIÓN E SENTIDO DE PERTENZA Á REDE.

5.1.A. Como consorcio.

Que fortalezas e leccións aprendidas neste eido se están aproveitando? E que debilidades se identifican/persisten na proposta de ESR?

Cada ONGD do consorcio promotor do proxecto veuse nutrido da entidade compañeira en termos de experiencia, eixos de especialización (formulación, comunicación...). Isto favoreceu o corpo dun proxecto presentado en agrupación que se traslada aos centros educativos de forma estable e cun compromiso recíproco para coas numerosas axentes involucradas. Un punto fortalecido nos últimos anos é o esforzo de ACPP como cabeza do consorcio por promover a coordinación entre todo o persoal executor do proxecto, conformado nunha parte importante por asistencias técnicas.

Xunto aos aspectos máis asentados do traballo en consorcio, tamén se recoñecen outros susceptibles de matizarse e innovar, principalmente puntos diverxentes entre ACPP e AGARESO malia que a filosofía do proxecto sexa compartida entre ambas organizacións; neste senso, identifícase a necesidade de tempos de reflexión conxunta para debater e acordar internamente como camiña o proxecto, buscar factores innovadores, etc, e indícase desde ambas organizacións que non hai unha apropiación integral sobre o proxecto senón que cada ONGD se enfoca cara aos eixos que executa/coordina directamente. Isto ten levado a que nos centros educativos de Primaria e Secundaria se coñeza ESR como “o proxecto de ACPP”, por exemplo. Neste senso, como se comentará na cuestión seguinte, tense avanzado na coordinación conxunta (reunións coas asistencias técnicas, principalmente); mais non acaba de harmonizarse un proceso de traballo interno no consorcio integralmente colectivo, o cal o influirá tamén na visión do traballo en rede.

5.1.B. Desde a óptica do traballo en rede.

Que fortalezas e leccións aprendidas neste eido se están aproveitando? E que debilidades ou aspectos a mellorar?

Como xa se comentou, avanzouse na coordinación conxunta con axentes que non son parte do grupo promotor, isto é, as asistencias técnicas, algo moi ben recibido por estas e recollido como un aspecto positivo tamén desde as ONGD do consorcio. O papel das asistencias técnicas é altamente valorado desde os centros educativos, que contan a través do proxecto con axentes importantes implicadas que comparten as súas habilidades para reforzar aspectos específicos nos centros; algo na mesma liña ocorre no traballo coa universidade, onde se *conectan especialistas* cun grupo único de alumnado nun período concreto de tempo.

Desde a perspectiva das asistencias externas, no encontro mantido con estas, demandouse unha formulación cunha maior coherencia entre obxectivos e tempos, identificándose a necesidade de contar con máis *feedback* previo e *post* cos centros educativos e de crear un fío condutor máis visible cara á execución en cada centro, *versus* actuacións puntuais. Neste senso, desde o consorcio reflexiónase tamén sobre a necesidade de equilibrar as dinámicas cos tempos do proxecto e a implicación que se pide ás asistencias técnicas (“*é complicado o equilibrio entre pedir máis implicación e non tirar de máis*”). Por tanto, quizais sexa preciso elaborar unha estratexia a varios niveis, que inclúa as pautas estratéxicas identificadas desde o consorcio promotor mais que incorpore tamén unha etapa de reflexión abertas coas asistencias técnicas, ás que non só se demande execución de traballo senón que se recollan espazos que permitan unha maior implicación na planificación previa conxunta, na busca da construción de equipas máis participativas en todo o proceso, consistentes e con maior capacidade de impacto.

Desde a perspectiva dos centros educativos, a pandemia deixou claro que os centros seguen altamente comprometidos co proxecto, malia as dificultades. O persoal orientador e docente de enlace valorou positivamente a comprensión por parte da coordinación cara á non saturación con actividades ao longo do período de confinamento; porén, non queda claro que haxa unha estratexia de continuidade posible homoxénea no caso de novos confinamentos. Pola súa banda, indagando ao redor do sentimento de pertenza á rede dos centros educativos que conforman o proxecto, as respostas sitúan nun *nivel medio-baixo* a percepción do persoal docente e

orientador en relación a *formar parte dunha rede de centros*: nunha escala de 1-5 (1-pouco, 5-moito), o rango de respostas vai de 1 a 3, exceptuando unha maior identificación a través de exemplos concretos de accións como a mediación, que suxiren unha maior pertenza a espazos en rede, así como puntualmente traballos de conexión con outros centros como a axenda feminista, que axudan a percibir dalgún xeito o ESR como un proxecto non só dentro de cada centro educativo. Para camiñar cara a unha maior actuación en rede, propóñense desde os centros educativos algunhas actividades que poderían convidar a unha maior conexión e coñecemento mutuo, como encontros e xuntanzas (virtuais ou presenciais) entre os centros participantes, intercambios de boas prácticas... Tamén nesta liña, algúns dos centros demandan a importancia de reforzar a institucionalización do proxecto nos mesmos mediante a presenza das ONGD a principio de curso para presentar o proxecto e os obxectivos do mesmo.

Desde outra óptica, mais tamén ligado á análise do traballo en rede do ESR, desde ACPP sinalase a importancia da experiencia e enfoque de traballo coas asociacións veciñais, tecido asociativo xeral e movementos sociais, mais o resto de axentes do proxecto non visualizan este aspecto como un elemento destacable dentro da dinámica da intervención.

Pola súa banda, o traballo en rede coa universidade queda menos visibilizado pola súa focalización nun resultado do proxecto e non queda claro que se traslade á globalidade da proposta de ESR, malia que si se identifica o potencial de activismo trasladado despois á vida das organizacións promotoras.

5.2. PREGUNTAS SENSIBLES AO XÉNERO EN TRES EIDOS CONCRETOS.

5.2.A. Deseño.

É prioritaria a cuestión de xénero na estratexia da intervención?

A resposta a esta pregunta é complexa e é preciso analizala desde distintas ópticas. Atendendo ás estratexias das ONGD do consorcio, os contidos e accións formuladas e executadas, e as percepcións dos propios centros educativos, si é prioritaria a cuestión de xénero na estratexia da intervención, tanto por introducirse de forma transversal o enfoque de xénero na proposta como por materializarse as accións desenvolvidas nun número definido de actuacións ligadas a dita cuestión. Porén, dando unha mirada interna ao consorcio promotor da intervención, atopamos certa diverxencia ao respecto desta cuestión, polo que cando menos é preciso sinalar as matizacións para que queden visibilizadas e permitan contribuír ao debate estratéxico de ambas organizacións no eido da súa reflexión dentro do ESR. Por unha banda, ACPP como responsable da coordinación da intervención considera que o xénero si é unha cuestión prioritaria, como proxecto de EpDCG, *“formulándose actividades explicitamente que teñen que ver con cuestións de xénero e feminismo, aínda que hai actividades cuxo formato dificulta unha visión de proceso fronte a intervencións puntuais nos centros, que se compensan con outras accións máis permanentes ao longo do curso”*. Porén, desde AGARESO non se considera *“prioritaria a cuestión de xénero per se á hora de formular, malia que si se atribúa unha cota de actividades ligadas á cuestión de xénero e teña alta presenza na execución”*.

Desde a perspectiva das asistencias externas, a percepción é que si é prioritaria e gradualmente maior nos últimos anos a inclusión da perspectiva de xénero no proxecto, tanto por número de actividades como polo enfoque do proxecto; reflexiónase sobre o posible factor impulsor deste proceso ligado aos perfís do persoal técnico coordinador de ACPP para a intervención.

Desde a perspectiva dos centros educativos, a través das voces do persoal docente e orientador, a percepción é que a perspectiva de xénero si é unha cuestión prioritaria no proxecto.

Que tipo de identificación previa se realiza cara ao deseño da proposta: analízanse as relacións de xénero no contexto de intervención? Incorpóranse no deseño da proposta achegas específicas das mozas/mulleres destinatarias?

Desde a perspectiva do consorcio promotor, recoñécese desde ACPP que hai aspectos máis aló do proxecto que non dependen tanto do mesmo senón das dinámicas dos centros e da súa forza: *“(...) nótase cando hai equipa de igualdade, grupo de profes implicadas na cuestión de xénero... Neses casos, as actividades propias do ESR entroncan moito máis forte. Mais sempre se pode facer máis, estar máis “atentas” a introducir debates do feminismo na intervención, por exemplo. Quizais non implica facer xa novas actividades mais si ter que reflexionar e estar abertas a estes debates”*. Desde os centros educativos e tamén a nivel técnico desde as asistencias técnicas identifícase unha necesidade crecente de traballar enfoques ligados a masculinidades non hexemónicas, así como de valorar a xeración de espazos de confianza neste segundo senso tamén para os homes.

Desde a perspectiva das asistencias externas, non se traballa na formulación nin se xeran achegas previamente a esta máis aló das recollidas na avaliación e nos informes-fonte de verificación. Porén, a realidade é que se intervén en centros con un histórico amplo, polo que se conta con información do curso anterior (non sempre do grupo co que se traballará pero si cun perfil de alumnado homónimo); e os avances cara a unha maior coordinación conxunta permiten, desde hai 2 anos, poder matizar e adaptar o proxecto á realidade de cada curso.

Desde a perspectiva dos centros educativos, a través das voces do persoal docente e orientador, a información que se pode achegar é tamén a do seguimento e avaliación previas; así como peticións concretas ao respecto, non sempre ligadas á cuestión de xénero. Neste senso, a través das voces do persoal docente e orientador, non queda claro que se incorporen directamente achegas específicas das mulleres/mozas destinatarias, mais si indirectamente se traballa cara á recollida de valoracións vía persoal de enlace e ao longo do proxecto grazas a enquisas de valoración, informes elaborados polas asistencias técnicas.... Segundo o centro, isto reflicte máis ben a transmisión de valoracións ou de percepcións máis ou menos acertadas.

No caso do traballo coa comunidade universitaria, percíbese proxecto a proxecto a modificación directa de contidos – especificamente exemplificado no Seminario de Comunicación Social e

Cooperación Internacional no caso da sesión orientada a feminismos – en base ás suxestións e demandas recibidas das participantes.

5.2.B. Execución.

Que poboación participa no proxecto? Cando e con que rol participan mozas/mulleres? E os mozos/homes? Con que criterios se definiu esta participación?

O proxecto ESR diríxese a alumnado de educación infantil, primaria, secundaria e estudantado universitario, mais tamén a profesorado e persoal orientador ligado aos grupos participantes dos centros educativos. Desde a perspectiva destes, recóllese que non hai un criterio único e cada centro decide quen é a poboación destinataria final participante cada curso na intervención. A norma xeral é que, exceptuando grupos de mediación e igualdade (que non en todos os centros existen ou están suficientemente activos e en conexión co proxecto), a poboación destinataria é diferente ano tras ano. Isto leva a unha reflexión sobre a capacidade de impacto *versus* actuacións puntuais, como unha necesidade interna do consorcio promotor de decisión conxunta e compartida ao respecto; xa recollido como recomendación en avaliacións previas. Ao respecto, a visión de ACPP diríxese máis cara a un posicionamento de escala (chegar a cantos máis niveis educativos mellor, e canto maior número de participantes mellor) fronte a AGARESO que apostaría por traballar máis con grupos reducidos pero estables en cada centro educativo, para que o eixo condutor do proxecto fose secuencial en ditos grupos, que pasarían por participar nun fío de actividades común. No caso do traballo con poboación universitaria, salvando as diferenzas do tipo, duración e intensividade cronolóxica das accións, queda claro que a aposta é o alcance.

No tocante ao xénero da poboación participante, nos centros educativos é nos grupos de igualdade e mediación onde se atopan participantes mulleres de forma total ou maioritaria, e no resto máis ben identifícanse diferenzas pola propia composición dos grupos de aula. Como xa se comentou, identifícanse dificultades nos centros educativos para unha participación construtiva e activa dunha parte do alumnado cando se traballan cuestións de xénero no proxecto, especialmente no caso dos rapaces.

En relación á participación do profesorado, é interesante sinalar que desde a perspectiva das asistencias externas, nalgúns actividades “*non gusta*” que o profesorado estea presente nas actividades desenvolvidas (por razóns de maior facilidade de achegamento/confianza co alumnado no marco da actividades, que non sempre se percibe sinxela se hai presenza da figura do/a docente na aula). Porén, identifícase claramente, tanto desde os centros educativos como por parte das asistencias técnicas, a necesidade de involucrar ao profesorado. Por isto, quedaría pendente debater na práctica, entón, como achegar máis ao proxecto ao persoal docente dos centros participantes.

Existen actividades directamente deseñadas cara ao apoderamento das mozas/mulleres destinatarias? Trabállase desde a identificación das causas da discriminación de xénero, cara á defensa de dereitos? Cal é o papel e participación dos mozos nas actividades?

Si, hai actividades directamente deseñadas cara ao apoderamento das mozas/mulleres, en distintos formatos. Facendo unha revisión dos materiais e enfoque das accións desenvolvidas, tamén pode afirmarse que no ESR se traballa desde un enfoque de DDHH, polo tanto desde a identificación das causas da discriminación de xénero, cara á defensa de dereitos.

Nesta liña, analizando a execución de actividades nos centros educativos por parte das asistencias técnicas do proxecto, desde Atalaia Social e Lila de Lilith queda clara esta perspectiva, e no caso de Feitoría Verde trabállase máis desde a atención á diversidade en senso amplo, incorporándose cuestións focalizadas cara ao debate ao redor do xénero, a identificación coa diversidade poñendo a mirada en cuestións de xénero...

Como xa se comentou, nótase a necesidade de máis participación construtiva dos rapaces, para o cal desde o papel das asistencias técnicas se suxiren propostas como unha visibilización máis diferenciada das percepcións entre xéneros, quizais traballándose puntualmente en grupos non mixtos (tamén de rapaces) para logo volver a grupos mixtos e devolver conclusións, reflexións e debates de forma compartida.

Desde a perspectiva dos centros educativos, a través das voces do persoal docente e orientador, atópanse diferenzas entre centros educativos que traballan actividades diversas que inclúen accións de promoción e fortalecemento das equipas de mediación e/ou igualdade, sinalándose

estas desde estes centros como as *actividades directamente dirixidas e deseñadas cara ao apoderamento das mulleres, xunto cos obradoiros de relacións igualitarias*; fronte a centros onde non existen ou están pouco fortalecidas estas equipas (que soen coincidir con centros onde non sempre se traballa cos obradoiros de relacións igualitarias), onde se sinalan como actividades directamente dirixidas a favorecer o apoderamento de mulleres, *aquelas como exposicións, axenda feminista...* Estas non son sempre destacadas como tal naqueles centros que traballan cos grupos estables de mediación e igualdade, aínda que se recoñece a súa utilidade e claramente incorporan a perspectiva de DDHH no seu enfoque e contidos.

Favorécense espazos de información, reflexión e interiorización específicos para mozas/mulleres? E para nenos/homes? E mixtos?

No proxecto existen e son identificados claramente os espazos de información, reflexión e interiorización específicos para mozas/mulleres. Nesta liña, reflexiónase desde os centros educativos, a través das voces do persoal docente e orientador, ao redor da utilidade das equipas de mediación e igualdade, onde participan maioritariamente mulleres, así como dos obradoiros de relacións igualitarias, considerándose moi necesarios.

Non se promoveu desde ESR ata o momento a xeración de espazos non mixtos para mozos, mais desde os centros existe a percepción máis ou menos xeralizada de que é necesario buscar algunha maneira de traballar para favorecer unha participación máis construtiva, activa e consistente dos rapaces.

No traballo coa universidade existen espazos mixtos (en función da composición por inscrición nas formacións), para o traballo en cuestións de igualdade, xénero e feminismos.

En que medida se deconstrúen patróns discriminatorios de forma consciente?

Percíbese que as accións desenvolvidas con máis tempo e visión de permanencia si conseguen contribuír á deconstrución de patróns discriminatorios. A dificultade de medir este aspecto ponse de relevancia na limitada utilidade das liñas de base desenvolvidas no proxecto cara á medición do impacto, a causa entre outros factores da limitación do marco de referencia e da ampla variabilidade do alumnado participante non só entre distintos anos de execución, senón

tamén entre as actividades dun mesmo proxecto (curso) en execución. Nesta liña, tanto as ONGD promotoras como as asistencias técnicas que participan na proposta recoñecen que, malia que é precisamente o obxectivo das actividades desenvolvidas, é complexo conseguir medir este aspecto de forma illada en relación a outros condicionantes.

Pola súa banda, desde a perspectiva dos centros educativos, a través das voces do persoal docente e orientador, compártese a dificultade de responder a esta pregunta ao redor da “medición”, mais si se sente que as accións contribúen dalgún xeito, recoñecéndose a necesidade de formación e incluso sensibilización do profesorado; así como se entende que as familias deberían implicarse na busca dun maior impacto do proxecto na deconstrución de patrons discriminatorios e estereotipos, pero asúmese a gran dificultade de involucramento neste senso.

Xéranse espazos colectivos de traballo neste eido estables no tempo?

As equipas de igualdade e, desde unha perspectiva ampla máis tamén ligada ao xénero e os coidados, as de mediación, son os espazos colectivos de traballo neste eido impulsados ou fortalecidos no marco do proxecto con estabilidade no tempo; coa participación máis ben de alumnado, ex-alumnado, acompañamento activo de persoal docente e/ou orientador e apoio focalizado con visión formativa por parte das asistencias técnicas facilitadas por Monse Vilar (Lila de Lilith) e Noelia Darriba (Atalaia Social).

É interesante sinalar a importancia recoñecida desde os centros educativos aos encontros intercentros celebrados para a formación e intercambio das equipas de mediación e igualdade. Porén, estes espazos de intercambio son ata o momento recoñecidos como accións de carácter puntual e acoutadas a espazos e esforzos concretos no tempo.

Fálase de feminismos no proxecto? En que medida están presentes?

Desde a perspectiva dos centros educativos, a través das voces do persoal docente e orientador, si se percibe esa presenza nas accións. É importante sinalar que, desde a execución desenvolvida polas asistencias técnicas, indícase que si se introduce o feminismo nas accións mais con coidado de non caer en debates sobre nomenclatura, escollendo desenvolver conceptos desde unha

perspectiva ampla e, sen fuxir dos debates, falar de máis termos e introducir espazos desde ideas como equidade, igualdade... Nesta liña, desde o consorcio promotor identifícase esta presenza directamente na axenda feminista, no traballo coas universidades e sinálase o traballo global en termos de equidade e igualdade de xénero.

Que uso se fai da linguaxe: elabóranse os materiais didácticos nunha linguaxe adaptada á persoas destinatarias? En que medida se utiliza e defende unha linguaxe inclusiva?

Facendo unha revisión dos materiais elaborados e compartidos no marco do proxecto e tal e como se recoñece desde ACPD como ONGD coordinadora, os materiais actuais si visibilizan o uso da linguaxe inclusiva de forma explícita e quedaría pendente revisar algúns recursos máis antigos da intervención. Desde AGARESO reflexiónase sobre o debate aberto nalgunha ocasión ao redor da dificultade de asegurar o uso da linguaxe inclusiva (e dalgúns contidos) nos materiais elaborados en obradoiros de educomunicación, directamente construídos coa linguaxe cotiá do alumnado participante, que *“non sempre é feminista nin inclusive”* (debate aberto de *“ata onde debemos intervir e modificar a construción participativa?”*).

Desde a perspectiva dos centros educativos, a través das voces do persoal docente e orientador, afírmase que si se usa e defende unha linguaxe inclusiva no proxecto; porén, nas entrevistas realizadas percíbese que non se utiliza na práctica unha linguaxe inclusiva de forma maioritaria entre o persoal docente entrevistado.

Como está presente o xénero no proxecto no achegamento ás realidades dos países empobrecidos?

A perspectiva de xénero a través do achegamento ás realidades dos países empobrecidos identifícase no traballo realizado nos distintos eixos da intervención.

Por un lado, cos centros educativos, a través de materiais ligados a actividades concretas como a exposición Mulleres no Sur ou os obradoiros de educomunicación, por exemplo.

Pola súa banda, percíbese que nas accións desenvolvidas directamente polas asistencias externas non é maioritaria agora a presenza do Sur (tras a eliminación dos obradoiros de consumo consciente, que si a introducían de forma clara e directa), malia que en actuacións como as de

Feitoría Verde si se introducen directamente aspectos e conceptos que incorporan a perspectiva global ao proxecto.

No tocante ao traballo coa universidade, o xénero está presente no achegamento ás realidades do Sur en formato de “dobre vía”: por unha banda, incorpórase con claridade nos espazos de formación crítica e sensibilización planificados para todo o estudiantado universitario participante nos mesmos; por outra banda, a viaxe ao Sur recollida como parte final do Seminario de Comunicación Social e Cooperación Internacional ten priorizado o traballo con colectivos de mulleres de países empobrecidos ao longo das últimas edicións. Na última edición do Seminario, variouse o tipo de viaxe prevista como parte das modificacións marcadas no ESR por mor da situación xerada pola COVID-19, optándose por visitar Lepe e dar cobertura crítica á situación e condicións de vidas das temporeiras e temporeiros que traballan no campo nesa zona de Andalucía. No momento de redacción deste informe, están en marcha os traballos de elaboración do documental resultado desa viaxe, e malia que desde AGARESO como entidade acompañante se indicou a dificultade de entrevistar a mulleres nese proceso, indicouse que si se tratou de introducir a perspectiva de xénero e se recolleron testimonios para visibilizar a realidade das mulleres migrantes temporeiras.

Ten o persoal técnico coñecementos no eido da igualdade de xénero? E o persoal docente?

O persoal técnico do proxecto e as asistencias técnicas con rol activo na execución contan con formación ampla na perspectiva de xénero.

Fronte a isto, en xeral o persoal docente recoñece (non en tódolos casos) necesidades formativas neste eido; e identifícase as asistencias técnicas que precisamente a formación en xénero ao profesorado é unha das necesidades de actuación da proposta para conseguir un maior impacto. Porén, en paralelo, recoñécese a enorme dificultade de artellar estratexias que consigan involucrar ao persoal docente nesta liña. Como propostas de acción ao respecto, ligado a conseguir unha maior institucionalización do proxecto nos centros educativos, xorden ideas como a organización de charlas iniciais dirixidas ao profesorado, facer propostas vía CAFI ou buscar máis complicidade práctica con e entre docentes sensibilizadas con espazos de intercambio de prácticas, vivencias concretas... Pola súa banda, Feitoría Verde como asistencia

técnica suxire unha posible liña de accións formativas a partir de demandas e suxestións a identificar de forma participativa desde o profesorado.

Que aliadas participan na execución e cal é a súa sensibilidade ao redor do xénero?

Como aliadas fundamentais identifícanse claramente en primeiro lugar as asistencias técnicas, todas conformadas por mulleres profesionais con ampla experiencia, formación e sensibilidade ao redor da perspectiva de xénero.

Os propios centros educativos e especificamente o persoal docente e orientador dos centros sitúase tamén no rol de aliadas e a súa sensibilidade ao redor do xénero é maior que a do resto de persoal dos centros, polo que o seu papel neste senso é fundamental como acompañantes da proposta, tamén desde a perspectiva de xénero.

Trabállase coa comunidade universitaria, como unha alianza clave para favorecer a introdución da cooperación internacional para o desenvolvemento a través dos espazos formativos propostos, mais non se percibe na institución unha especial sensibilidade ao redor do xénero máis aló do apoio para facilitar a realización das accións previstas. Neste senso, as aliadas pasan a ser as propias persoas participantes nas formacións, isto é, alumnado universitario maiormente de disciplinas ligadas á comunicación, entre o que si se percibe sensibilidade en relación aos enfoques e contidos propostos. Neste senso, o traballo de colaboración coa universidade, malia que non sempre se traslada á globalidade do proxecto, si se identifica co potencial de activismo trasladado despois á vida das organizacións promotoras, que leva a que haxa unha porcentaxe de participantes nestes espazos que logo se incorporan como voluntarias ou activistas de procesos afíns.

Pola súa banda, desde ACPP sinálase a importancia da experiencia e enfoque de traballo co tecido asociativo, outras organizacións e movementos sociais, mais tras a realización de entrevistas percíbese que o resto de axentes involucradas na intervención non destacan este aspecto dentro da dinámica do proxecto, quizais quedando pendente impulsar e visibilizar o potencial destas alianzas cara a redes estables e máis activas no ESR.

Que implicación e estratexia teñen ACPP e AGARESO, como ONGD promotoras, en relación ás cuestións de xénero?

As respectivas estratexias das ONGD promotoras do proxecto incorporan a perspectiva de xénero de forma específica nas súas propostas de EpDCG.

ACPP detállao no documento *Plan de Educación Transformadora para una Ciudadanía Global 2019-2020* onde se indica que o enfoque de xénero está en *Escolas sen Racismo* como parte da proposta de EpDCG formulada e adaptada nos distintos territorios do estado. A nivel técnico, o perfil do persoal técnico coordinador do proxecto en Galicia nos últimos anos deixa entrever o aliñamento claro con esta perspectiva, incorporándose progresivamente aspectos clave de forma non só transversal senón directa nas sucesivas formulacións do ESR.

Pola súa banda, na estratexia de EpDCG 2020-2024 de AGARESO aparece especificamente mencionado o xénero como prioridade temática, así como se visibilizan liñas de acción específicas dirixidas á visibilización de colectivos vulnerables e excluídos onde se ubican as mulleres. A implicación de AGARESO vai neste senso tamén nas accións desenvolvidas directamente no ESR, tanto no caso dos obradoiros educomunicativos como no traballo coa comunidade universitaria.

Levadas á práctica, as estratexias de ambas ONGD van da man coa aplicación do seu traballo en prol da igualdade e a equidade de xénero nos proxectos desenvolvidos por cada organización, máis aló de ESR. Isto, recoñécese, non implica obviar limitacións á hora de transversalizar na práctica o recollido nas formulacións de proxectos, que derivan en cuestións a revisar que pouco a pouco poden ir incorporándose en cada execución.

5.2.C. Efectos e impacto.

Danse pasos na proposta cara ao fortalecemento estrutural da estratexia de xénero de ACPP e AGARESO como ONGD promotoras do proxecto?

Como xa se comentou, ambas ONGD integran a perspectiva de xénero tanto nas súas respectivas estratexias de EpDCG como en proxectos onde se inclúe o ESR, e percíbese que cada unha das ONGD incorpora a través de ESR aspectos diversos ao redor do traballo e a reflexión en xénero nas súas propias organizacións.

Sería interesante estruturar un espazo de reflexión conxunta cara a unha estratexia común de maior impacto conxunto neste eido, como consorcio promotor, para poder medir a relación entre o esforzo técnico por introducir a estratexia de xénero no proxecto e os impactos medibles e alcanzables a través de dito esforzo.

En que medida contribúe a proposta a un cambio positivo nas relacións de xénero? A que efectos positivos contribúe o proxecto para as propias mozas/mulleres?

En xeral, a análise realizada e as percepcións recollidas coinciden en que o proxecto si contribúe a un cambio positivo nas relacións de xénero. *“(…) En parte, porque se pon o foco en cuestións concretas de relevancia para as e os participantes, o cal facilita a reflexión crítica cara á acción”*. O tipo de efectos positivos aos que se contribúe desde a acción do ESR xiran ao redor do fortalecemento dos espazos de confianza entre mozas, reflexións críticas desde a óptica dos feminismos e os coidados, deconstrución de estereotipos...

Malia que se recoñece a dificultade de medición deste indicador, o efecto semella encaixar mellor en centros educativos onde se entronca con outros traballos e procesos permanentes desenvolvidos nos mesmos. Nesta liña, desde a perspectiva do consorcio promotor, ACPP considera que si se contribúe a un cambio positivo nas relacións de xénero, por varios motivos: *“os materiais elaborados parten moito da construción participativa do alumnado, convidándose a non partir de dar respostas senón de convidar á reflexión, ao pensamento crítico e á extracción das súas propias conclusións”*; en canto ao reforzo das equipas de igualdade e mediación, *“contribúen ao cambio en tanto que parten da premisa de que quen son protagonistas do cambio son as membros destas equipas”*.

Pola súa banda, tanto AGARESO como as asistencias técnicas con rol executor no proxecto reflexionan ao redor da dificultade de medir a contribución do proxecto ao cambio, por entrar moitos factores en xogo e non contarse con instrumentos de medición axeitados (como unha liña de base que abarque os prazos e total de destinatarias e resultados do proxecto).

Analizando se a participación dun centro educativo en ESR contribúe nalgunha medida no traballo do propio centro educativo na cuestión de xénero, desde o consorcio promotor concórdase en que o proxecto si pode influír no traballo en prol da igualdade que teña o centro, e obviamente isto cobra máis sentido e forza se o centro está noutro tipo de proxectos e ten como parte da súa *cultura de centro* traballar en prol da igualdade, fronte a actuacións puntuais que queden da man de 1-2 docentes. Na mesma liña, reflexionáse desde as asistencias técnicas con papel activo na execución percibíndose que os centros máis implicados a nivel de Proxecto Educativo de Centro (en adiante, PEC) no tocante á incorporación do xénero no mesmo, contan con máis recursos e espazos onde encaixa a chegada do ESR. Nas entrevistas realizadas obsérvase que, cando un centro educativo conta con equipa de igualdade ou de mediación incorporada como parte substancial do seu PEC, máis aló de actuacións puntuais, ese centro percibe de forma máis evidente un maior impacto das actuacións do ESR.

En canto á relación coa universidade e a contribución do proxecto ao traballo/estratexia universitaria na cuestión de xénero, a dificultade de medición está presente tamén, en parte porque non hai *per se* unha estratexia universitaria neste senso. Porén, si se identifica potencial de impacto no traballo coas universidades, a través da proposta de incorporación da perspectiva de xénero no campo da cooperación internacional para o desenvolvemento, transversalizando ditto enfoque de forma clara nas actuacións fronte a unha maior parcelización do traballo que desde as unidades de xénero se soe realizar nas universidades.

Prevéronse posibles efectos negativos ou riscos en relación á cuestión de xénero?

Tanto desde as asistencias técnicas como desde a perspectiva do consorcio promotor, identifícanse 2 riscos clave que inflúen negativamente na capacidade de impacto no proxecto:

- Por unha banda, o rol do profesorado, con alta necesidade de formación e con frecuencia baixo perfil de permanencia nos centros, o que dificulta que se xeren espazos estables de traballo con

equipos de docentes, quedando os procesos de dinamización nas mans de poucas persoas por centro (normalmente, persoal orientador e apoio de algún/ha docente).

- Por outra banda, identifícanse reticencias crecentes especialmente entre o alumnado masculino ante o traballo en cuestións de xénero.

Desde ACPP recoñécese tamén que se están a percibir a creación de *“resistencias entre o alumnado, especialmente o masculino, que entende o feminismo como un ataque”*, indicándose que *“é preciso traballar isto co propio profesorado desde un enfoque de DDHH e cara á convivencia escolar, para prepararnos antes estos discursos de odio e a difusión dos mesmos, que progresivamente están a permear nos centros educativos”*.

Na mesma liña, AGARESO identifica a necesidade de reforzar o traballo en termos de relacións igualitarias ante a persistencia de malas prácticas nas relacións de parella entre adolescentes, e continuar falando de feminismos e de conectar as loitas (*pensar global*), o cal desde o feminismo é útil e coherente (desde a óptica de *“pensar o feminismo como facilitador na conexión de loitas”*).

Que indicadores identificados para medir o impacto do proxecto se articulan coas relacións de xénero?

A dificultade de medición do impacto nun proxecto formulado ano a ano (en paralelo a ser cofinanciado e xustificado nos mesmos marcos temporais) trasládase ao exercicio de análise da redacción dos indicadores de impacto de xénero do proxecto.

Partindo desta dificultade, a continuación faise unha síntese da revisión daqueles indicadores que incorporan a perspectiva de xénero. Considéranse incluídos nesta revisión, malia que non sexan de forma integral indicadores de impacto de xénero, aqueles que na súa redacción teñen en conta cotas mínimas de participación de mulleres nas accións previstas, entendendo que este aspecto contribúe a favorecer a participación das mozas no proxecto de forma específica e por tanto tamén pode influír en futuros cambios nas relacións de xénero desde un enfoque de participación cara ao apoderamento das mulleres.

En relación ao **OE1. Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego**, no OIV1³ incorpórase a cuestión de xénero dentro das temáticas e perspectivas a traballar, sendo este un indicador cuantitativo cara á participación no proxecto desde unha visión de análise crítica que inclúe a perspectiva de xénero e “os lentes violetas”.

Para a medición do **R1.1. Mellorados os coñecementos, habilidades e actitudes de alumnado e profesorado de 8 centros de ensino galego (infantil, primaria e secundaria) no eido da EpD e a cidadanía global**, atopamos 3 tipos de indicadores onde podemos analizar a presenza da perspectiva de xénero en distintos graos e enfoques:

- Os indicadores IOV1.2, IOV1.4, IOV1.9⁴ incorporan dentro das temáticas e cuestións a traballar a perspectiva de xénero, mais non se permite coa redacción dos mesmos indagar sobre o nivel de presenza de ditas temáticas ao estar dentro de propostas máis amplas.
- O indicador IOV5⁵ refírese á mediación escolar, polo que debe sinalarse que hai un espazo dos contidos (xunto co propio enfoque) que indiscutiblemente incorpora a perspectiva de xénero e dos coidados; recóllese así mesmo na formulación deste indicador unha cota mínima de participación de mozas nas accións pertinentes.

³ **IOV1.** Ao finalizar o proxecto, polo menos 990 alumnas e alumnos participan dun proceso de análise crítica sobre as realidades global e local, o fenómeno da interculturalidade, igualdade de xénero, a resolución pacífica de conflitos e promoción da cultura de paz.

⁴ **IOV1.2.** Ao 10º mes, polo menos 240 alumnos/as de educación infantil e primaria e 750 de secundaria traballan actitudes que faciliten o respecto ás e aos demais, a interculturalidade a igualdade de xénero e a promoción da cultura de paz.

IOV1.4. Ao 10º mes, 15 intervencións de teatro foro sobre xénero, interculturalidade e prevención de conflitos implementadas en 8 centros.

IOV1.9. Ao 10º mes, polo menos 80 alumnos/as de educación infantil reciben sensibilización sobre diversidade, xénero e solidariedade.

⁵ **IOV1.5.** Ao 10º mes, polo menos 15 mozos/as do IES do Milladoiro (como mínimo 8 rapazas) e 2 docentes participan nun ciclo de formación en Mediación Escolar.

- Os indicadores IOV1.11, IOV1.13, IOV1.14, IOV1.15, IOV1.16⁶ fórmulanse recollendo a intención da medición da participación en espazos dirixidos tanto nas temáticas como nos enfoques cara ao traballo en prol dunha reflexión crítica en cuestión de xénero.

Para a medición do **R1.2. Melloradas as capacidades e o acceso e aplicación de ferramentas para unha comunicación transformadora do alumnado e profesorado de 4 centros educativos**, non atopamos na formulación indicadores de xénero no seu contido e redacción, malia que si se incorpora unha previsión de cota mínima de participación de mulleres nas accións previstas dos indicadores IOV2.1, IOV2.3, IOV2.6⁷. Porén, nas entrevistas realizadas e nos materiais revisados si aparece presente o xénero en boa medida nos recursos e produtos xerados, polo que sería interesante revisar cal é a causa desta inclusión e valorar obxectivos de medición nos indicadores previstos na formulación.

No tocante ao **R1.3. Mellorados os coñecementos, habilidades e actitudes do alumnado universitario en materia de Cooperación e Comunicación para o cambio social**, os indicadores IOV3.1 e IOV3.6⁸ incorporan o enfoque de xénero dentro da liña temática do espazo formativo cuxa participación se mide dentro de ditos indicadores.

⁶ **IOV1.11.** Ao 10º mes, polo menos, 5 centros educativos reflexionan sobre prexuízos e xénero co material didáctico e exposicións (Mira Ti e DPC).

IOV1.13. Ao 10º mes, polo menos 275 alumnos e alumnas de secundaria reflexionan sobre a situación das mulleres e nenas de países empobrecidos co material "Mulleres no Sur".

IOV1.14. Ao 10º mes, realizadas polo menos 12 obradoiros de relacións igualitarias coa participación de 275 alumnas e alumnos.

IOV1.15. Ao 10º mes do proxecto, reforzados os equipos de Igualdade no IES X. Magariños de Negreira e IES Laxeiro, coa participación de polo menos 30 mozas e mozos.

IOV1.16. Ao finalizar o proxecto, deseñada e distribuída unha axenda escolar feminista para o curso 2019-2020 coa participación de 8 centros de ensino da Rede Escolas sen Racismo.

⁷ **IOV2.1.** Ao 10º mes, polo menos 70 alumnos/as de educación primaria e secundaria (cando menos a metade rapazas) participan en 6 obradoiros de educomunicación.

IOV2.3. Ao 10º mes, fortalecido o proxecto de radio escolar do CEIP López Ferreiro e consolidado un grupo de traballo de 10 persoas (cando menos a metade mulleres), formado por alumnado e profesorado.

IOV2.6. Ao 10º mes, fortalecida a TV escolar no IES X. Magariños e consolidado un grupo mixto de traballo (profesorado e alumnado) de polo menos 10 persoas (cando menos a metade mulleres).

⁸ **IOV3.1.** Ao finalizar o proxecto, 35 alumnas e alumnos universitarios contan con coñecementos, habilidades e actitudes sobre cooperación e comunicación para o cambio social con enfoque de xénero.

IOV3.6. Ao 10º mes, polo menos 35 estudantes universitarios/as teñen participado en espazos de reflexión sobre xénero na comunicación e na cooperación internacional.

No caso do IOV3.5⁹ inclúese una cota mínima de participación de mulleres, mais nesta edición non procedería incorporar este indicador na presente análise por referirse a unha actividade eliminada tras a reformulación de actividades do proxecto por mor da COVID-19.

Por último, en relación ao **R1.4. Fomentado o coñecemento e análise sobre o proxecto de cara á súa visibilidade e aprendizaxe colectiva** non se atoparon indicadores na formulación que permitan a medición do impacto de xénero do proxecto no marco deste resultado.

⁹ **IOV3.5.** Ao 10º mes, polo menos 15 estudantes universitarios/as da UdC (cando menos a metade rapazas), participan nun “Curso de Introducción á Cooperación e Comunicación para o Cambio Social” de 12 horas lectivas de carácter teórico-práctico.

6. CONCLUSIONES.

Sintetízanse a continuación as principais conclusións extraídas a partir da análise da información recollida:

- En relación á evolución do traballo interno do consorcio nos últimos anos, a entrada de AGARESO no equipo promotor do proxecto fortaleceu a proposta ao tempo que abriu a porta a novas perspectivas e formas de facer; algunhas destas formas incorporáronse e nutren de forma gradual a estratexia mutua e conxunta das ONGD na intervención, mais outras fican pendentes de debate na busca dun maior cohesionamento interno do equipo promotor, o cal inflúe na percepción da intervención por parte das persoas destinatarias, que en ocasións se focaliza en resultados concretos fronte a unha visión global de proxecto en consorcio.
- Malia a complexidade de coordinar o traballo coas diversas asistencias técnicas e colaboracións externas que veñen participando na proposta, os esforzos específicos de ACPP como coordinadora do consorcio por avanzar neste eido non só son ben valorados polas axentes implicadas, senón que estas demandan máis traballo nesta liña.
- Identifícanse eixos clave que mostran a introdución da perspectiva de xénero na intervención de maneira maioritaria no tocante a temáticas e enfoque.
- A presenza do Sur no proxecto está claramente identificada nas accións desenvolvidas, visibilizándose o xénero como fío condutor esencial en todos os niveis educativos aos que se dirixe a intervención, desde o infantil ao universitario; aproveitándose tamén a conexión e relacións cos proxectos de cooperación internacional para o desenvolvemento en que as ONGD do consorcio están involucradas, nun labor de visibilización e sensibilización ao redor das causas da pobreza e a importancia da cooperación internacional.
- O propio persoal técnico do proxecto vén reforzando a perspectiva de xénero da intervención, polo seu perfil e experiencia no eido do xénero e feminismos.
- Na mesma liña, as asistencias técnicas que participan na execución fortalecen a proposta na introdución da perspectiva de xénero na mesma, traballando con ESR desde unha visión de *alianza*, a cal é máis puntual e/ou menos visible no caso doutras colaboracións externas.

- Fronte aos puntos anteriores e segundo reflicten as respostas das axentes entrevistadas, apenas existe un espazo interno de reflexión común entre o consorcio promotor e as asistencias externas para que a perspectiva de xénero se incorpore na intervención de forma planificada e revisada.
- Percíbese que o proxecto contribúe ao logro de cambios no eido das relacións de xénero. Porén, a medición do impacto é limitada, en parte debido aos condicionantes dun proxecto que, malia ser de continuidade, debe ser formulado anualmente e esixe indicadores acoutados a un marco cronolóxico maiormente ligado ao curso académico, o cal é insuficiente para a redacción de indicadores de maior alcance e permanencia.
- Quizais en parte por tratarse dun proxecto con visión de continuidade, difumínase a fase de identificación da proposta, previa a cada formulación; a participación na mesma das axentes implicadas (executoras e destinatarias) é desigual.
- Nesta liña, percíbese a necesidade de maior apoio ao profesorado e persoal orientador de referencia en cada centro educativo cara á dinamización do proxecto en prol de coidar os ritmos e esforzos, ao tempo que se bota en falta unha maior participación do profesorado en tódalas fases do proxecto, non só con rol de demandante e/ou receptora senón tamén como parte involucrada na construción da proposta. Nesta liña, son evidentes as dificultades asociadas aos propios ritmos e procesos nos centros educativos, fóra do alcance da intervención do ESR.
- Fronte á percepción do punto anterior, fica claro que os centros educativos participantes na proposta están altamente comprometidos coa presenza en ESR (incluso en plena pandemia) como parte dos seus PEC. Porén, non se percibe un alto grado de sentimento de pertenza ao proxecto ESR como rede de centros.
- Identifícase con claridade a necesidade dunha maior formación do profesorado en cuestións de xénero. É preciso sinalar que se percibe tamén unha tendencia á autopercepción positiva por riba da realidade nos usos e coñecementos en relación ás cuestións de xénero, como pode ser na propia utilización de linguaxe inclusiva.

- No tocante ao traballo en xénero desenvolvido nos centros educativos, todas as axentes entrevistadas destacan a existencia crecente de resistencias ao respecto especialmente por parte do alumnado masculino.
- En xeral, distínguense dúas tipoloxías aproximadas de centros educativos en canto á permeabilidade do traballo en xénero realizado desde o proxecto: naqueles centros que incorporan unha aposta institucional clara ao redor do traballo neste eido, dita aposta vese fortalecida desde ESR na forma de apoio a equipas de igualdade, por exemplo, cun potencial de traballo máis potente e harmonizado; fronte a centros onde se introducen actuacións que inevitablemente serán máis puntuais, fican con menor vocación de permanencia e en consecuencia con menor potencial de impacto.

7. RECOMENDACIÓNS.

Como parte da avaliación realizada, recóllense unha serie de recomendacións clave en prol da mellora de futuras intervencións:

- Abrir máis espazos internos de reflexión no consorcio e coas asistencias externas colaboradoras, non só cara á avaliación final senón tamén nas fases de identificación e formulación do proxecto, para continuar traballando desde un enfoque máis cooperativo na toma de decisións e incluíndo a perspectiva de xénero como un eixo definido neste proceso de reflexión e evolución do traballo de construción do ESR como proxecto colectivo coas diversas axentes involucradas.
- Nesta liña, tras a experiencia da COVID-19 e a “parálise” da execución ao longo do confinamento nos centros educativos fronte á continuidade do traballo coas universidades vía *online*, é preciso elevar a reflexión ao redor dos espazos virtuais e do potencial papel condutor de AGARESO neste senso na globalidade do proxecto. Non sendo as TIC substitutas do debate colectivo presencial – nin sempre accesibles a todo o alumnado - é necesario telas como aliadas cara ao futuro do proxecto, non só pero especialmente coa posibilidade de que se dese un novo confinamento presencial.
- Tratar de revisar desde o consorcio as limitacións de continuar cunha estratexia de *escala* en relación ás posibilidades dun maior alcance do proxecto e continuar favorecendo en maior medida accións con vocación de permanencia fronte a presenzas máis puntuais nos centros educativos.
- Nesta liña, tratar de trazar de xeito colectivo algúns indicadores con visión de medio prazo, desde un enfoque máis estratéxico, incluso como algo complementario ás formulacións anuais esixidas desde a entidade cofinanciadora, para poder revisalos máis aló do período “inicio e fin de curso”.
- Cara aos centros educativos, traballar en prol dunha maior institucionalización do proxecto e a visibilización do ESR como proxecto de rede de centros educativos, incorporando propostas suxeridas desde estes como espazos de encontro intercentros, maior presenza ao

inicio de curso das ONGD como promotoras-presentadoras do proxecto, abrir espazos de comunicación e visibilización ao longo do curso...

- Reforzar o traballo coas universidades dentro da estratexia do ESR, buscando unha maior conexión coa globalidade do proxecto e incorporando na planificación inicial aspectos do traballo coa comunidade universitaria tamén en relación a procesos avaliativos, seguimento periódico interno e medición de impacto máis aló do período de referencia.
- Involucrar ao profesorado en tódalas fases do proxecto, na busca de identificar propostas de formación de interese para este colectivo no tocante a xénero.
- Introducir nos centros educativos o traballo ao redor das masculinidades non hexemónicas e facer achegamentos ao alumnado desde novas ópticas e metodoloxías de traballo, como son as suxestións de grupos non mixtos tamén no caso dos rapaces.
- Continuar introducindo na intervención cuestións con perspectiva histórica xunto a debates de especial interese para a construción do pensamento crítico desde o xénero e os feminismos, como os dereitos sexuais e reprodutivos, os ventres de alugueiro, as realidades LGTBI+, a análise crítica das redes sociais...
- Reforzar a harmonización dos materiais didácticos do ESR e revisar a linguaxe daqueles recursos con máis anos de presenza nas organizacións, especialmente aqueles identificados desde ACPP como susceptibles de mellorar neste aspecto.
- Visibilizar máis as alianzas xeradas no proxecto, aproveitando para fortalecer a conexión entre resultados e por tanto entre niveis de traballo desde o proxecto, desde o infantil ao universitario.

ANEXOS.

ANEXO 1. Preguntas de avaliación.

A) PREGUNTAS LIGADAS Á COORDINACIÓN E SENTIDO DE PERTENZA Á REDE:
A.1. Como consorcio:
<ul style="list-style-type: none">• Que fortalezas e leccións aprendidas neste eido se están aproveitando?• E que debilidades se identifican/persisten na proposta de ESR?
A.2. Desde a óptica do traballo en rede (entre centros educativos, entre axentes de cooperación, entre ONGD...):
<ul style="list-style-type: none">• Que fortalezas se identifican e que leccións aprendidas se están aproveitando no proxecto?• E que debilidades ou aspectos a mellorar se perciben/persisten na proposta de ESR?
B) PREGUNTAS SENSIBLES AO XÉNERO EN TRES EIDOS CONCRETOS:
B1. DESEÑO.
<ul style="list-style-type: none">• É prioritaria a cuestión de xénero na estratexia da intervención?• Que tipo de identificación previa se realiza cara ao deseño da proposta: analízanse as relacións de xénero no contexto de intervención?• Incorpóranse no deseño da proposta achegas específicas das mozas/mulleres destinatarias?
B2. EXECUCIÓN.
<ul style="list-style-type: none">• Que poboación participa no proxecto? Cando e con que rol participan mozas/mulleres? E os mozos/homes? Con que criterios se definiu esta participación?• Existen actividades directamente deseñadas cara ao apoderamento das mozas/mulleres destinatarias? Trabállase desde a identificación das causas da discriminación de xénero, cara á defensa de dereitos? Cal é o papel e participación dos mozos nas actividades?• Favorécense espazos de información, reflexión e interiorización específicos para mozas/mulleres? E para nenos/homes? E mixtos?• En que medida se deconstrúen patróns discriminatorios de forma consciente?• Xéranse espazos colectivos de traballo neste eido estables no tempo?

- Fálase de feminismos no proxecto? En que medida están presentes?
- Que uso se fai da linguaxe: elabóranse os materiais didácticos nunha linguaxe adaptada ás persoas destinatarias? En que medida se utiliza e defende unha linguaxe inclusiva?
- Como está presente o xénero no proxecto no achegamento ás realidades dos países empobrecidos?
- Ten o persoal técnico coñecementos no eido da igualdade de xénero? E o persoal docente?
- Que aliadas participan na execución e cal é a súa sensibilidade ao redor do xénero?
- Que implicación e estratexia teñen ACPP e AGARESO, como ONGD promotoras, en relación ás cuestións de xénero?

B3. EFECTOS E IMPACTO DO PROXECTO.

- Danse pasos na proposta cara ao fortalecemento estrutural da estratexia de xénero de ACPP e AGARESO como ONGD promotoras do proxecto?
- En que medida contribúe a proposta a un cambio positivo nas relacións de xénero?
- A que efectos positivos contribúe o proxecto para as propias mozas/mulleres?
- Prevéronse posibles efectos negativos ou riscos en relación á cuestión de xénero?
- Que indicadores identificados para medir o impacto do proxecto se articulan coas relacións de xénero?

ANEXO 2. Axenda de traballo de campo.

	Datas	Participante/s	Rol	Formato
1	01/10/2020	Raquel López	Técnica de ACPP, coordinadora do ESR	Entrevista individual, vía videochamada
2	16/10/2020	Carolina Diz	Asesora técnica en Cooperación para o Desenvolvemento e Acción Humanitaria da Xunta de Galicia	Entrevista individual, vía videochamada
3	20/10/2020	Raquel López, Antonio Grundfeld, Noelia Darriba, Monse Vilar e Paula Lubián	Representantes das ONGD promotoras e asistencias técnicas do ESR (encontro dentro de reunión de planificación xeral do proxecto)	Dinámica grupal, vía videochamada
4	04/12/2020	Cristina Galdo	Orientadora do IES Xulián Magariños de Negreira	Entrevista individual, vía videochamada
5	07/12/2020	Ana Balboa	Directora e docente do IES Milladoiro	Entrevista individual, vía videochamada
6	07/12/2020	Ana Ríos	Orientadora do IES de Brión	Entrevista individual, vía telefónica
7	09/12/2020	Beniví Martínez	Orientadora do IES Torrente Ballester de Pontevedra	Entrevista individual, vía videochamada

8	10/12/2020	Ana Gulías e Gracia Sanctorum	Orientadora e docente do IES Laxeiro de Lalín	Entrevista grupal, presencial
9	10/12/2020	Pepa García	Directora e docente do CPR Vilas Alborada	Entrevista individual, vía videochamada
10	09/12/2020	Noelia Darriba de Atalaia social	Asistencia técnica do proxecto	Entrevista individual, vía videochamada
11	10/12/2020	Monse Vilar de Lila de Lilith	Asistencia técnica do proxecto	Entrevista individual, vía videochamada
12	20/12/2020	Paula Lubián de Feitoría Verde, S. Coop. Galega	Asistencia técnica do proxecto	Entrevista individual, vía videochamada
13	21/12/2020	Raquel López	Técnica de ACPP, coordinadora do ESR	Entrevista individual, vía videochamada
14	23/12/2020	Alejandro Quiñoá	Coordinador de ACPP Galicia	Entrevista individual, vía videochamada
15	28/12/2020	Lorena Seijo e Antonio Grundfeld	Coordinadora de AGARESO e técnico coordinador de ESR desde AGARESO	Entrevista individual, vía videochamada

ANEXO 3. Guions de entrevistas realizadas.

GUIÓN 1.
Entrevistas ás ONGD do consorcio promotor de ESR
<p>PREGUNTAS LIGADAS Á COORDINACIÓN E AO TRABALLO EN REDE:</p> <p>- Como consorcio, que fortalezas e leccións aprendidas neste eido se están aproveitando? E que debilidades se identifican/persisten na proposta de ESR?</p> <p>- Desde a óptica do traballo en rede (entre centros educativos, entre axentes de cooperación, entre ONGD...), que fortalezas se identifican e que leccións aprendidas se están aproveitando no proxecto? E que debilidades ou aspectos a mellorar se perciben/persisten na proposta de ESR?</p> <p>PREGUNTAS LIGADAS Á PERSPECTIVA DE XÉNERO DE ESCOLAS SEN RACISMO:</p> <p>1. Pensades que é prioritaria a cuestión de xénero en Escolas sen Racismo? (valora do 1 ao 5). Por que?</p> <p>2. En que medida as accións desenvolvidas teñen en conta a cuestión de xénero? (valora do 1 ao 5). Comentarios:</p> <p>3. En que medida considerades que o enfoque de xénero <u>está suficientemente traballado</u> desde o proxecto Escolas sen Racismo? (valora do 1 ao 5). Por que?</p> <p>4. Fálase de feminismos en Escolas sen Racismo? Si/non. En que medida? (valora do 1 ao 5)</p> <p>5. Credes que os materiais didácticos ligados ao proxecto se elaboran nunha linguaxe axeitada e adaptada? Si/non. Comentarios:</p> <p>6. Percibides que as persoas destinatarias que actúan como axentes multiplicadoras teñen necesidades formativas en cuestións de xénero? Por que?</p> <p>7. Tedes algunha proposta nesta liña?</p>

8. Cres que o proxecto ten contribuído a un cambio positivo nas relacións entre as mozas e mozos participantes?

Por que?

9. E no sentido contrario, que aspectos ao redor da cuestión de xénero sería bo traballar (máis) no proxecto?

10. Credes que a participación dun centro educativo en Escolas sen Racismo, contribúe nalgunha medida no traballo do propio centro educativo na cuestión de xénero? Por que credes iso?

11. E no tocante á relación coa universidade, contribúe Escolas sen Racismo nalgunha medida ao traballo/estratexia universitaria na cuestión de xénero? Por que credes iso?

GUIÓN 2.

Entrevistas ás asistencias técnicas do ESR

- Nome iniciativa + nome actividades.

- Desde que curso levades participando no proxecto?

PREGUNTAS LIGADAS Á PERSPECTIVA DE XÉNERO DE ESCOLAS SEN RACISMO:

1. Pensades que é prioritaria a cuestión de xénero en Escolas sen Racismo? (valora do 1 ao 5).

Por que?

2. En que medida **as accións que desenvolvedes** teñen en conta a cuestión de xénero? (valora do 1 ao 5).

Comentarios:

3. En que medida considerades que o enfoque de xénero está suficientemente traballado **desde o proxecto Escolas sen Racismo**? (valora do 1 ao 5).

Por que?

4. Fálase de feminismos nas vosas accións en Escolas sen Racismo? Si/non.

En que medida? (valora do 1 ao 5)

5. Credes que os materiais didácticos ligados ao proxecto se elaboran nunha linguaxe axeitada e adaptada? Si/non.

Comentarios:

6. Percibides que o persoal dos centros educativos ten necesidades formativas en cuestións de xénero?

Por que?

7. Tedes algunha proposta nesta liña?

8. Cres que o proxecto ten contribuído a un cambio positivo nas relacións entre mozas e mozos?

Por que?

9. E no sentido contrario, que aspectos ao redor da cuestión de xénero sería bo traballar (máis) no proxecto?

10. Credes que a participación dun centro educativo en Escolas sen Racismo, contribúe nalgunha medida no traballo do propio centro educativo na cuestión de xénero? Por que credes iso?

GUIÓN 3.

Entrevistas ao persoal orientador/docente dos centros educativos do ESR

- Nome docente + nome do centro.

- Desde que curso leva participando o centro no proxecto?

1. A pandemia e o proxecto:

a) Que aspectos positivos valorades do desenvolvemento do proxecto o curso pasado?

b) E que aspectos cambiariades no proxecto se se volvese repetir un confinamento?

2. En que medida a situación actual pode afectar ao compromiso futuro do centro educativo con Escolas sen Racismo? (valora do 1 ao 5; sendo 1-pouco e 5-moito)

Por que?

3. En que medida **sentides** que o voso centro forma parte da REDE DE CENTROS de Escolas sen Racismo? (valora do 1 ao 5; sendo 1-pouco e 5-moito)

Por que?

4. Que actividades axudan/axudarían a reforzar un sentimento de pertenza a unha **rede de centros**?

5. Difusión do proxecto:

- **Dentro** do centro educativo: que fortalezas e debilidades percibides?

- **Fóra** do centro educativo: que fortalezas e debilidades percibides?

6. Valoración xeral do proxecto no curso 2019-2020:

- Aprendizaxes: ...

- Puntos fortes: ...

- Aspectos a mellorar: ...

PREGUNTAS LIGADAS Á PERSPECTIVA DE XÉNERO DE ESCOLAS SEN RACISMO:

1. Pensas que é prioritaria a cuestión de xénero en Escolas sen Racismo? (valora do 1 ao 5).

Por que?

2. O seu centro educativo ten feito demandas concretas ao proxecto curso tras curso (actividades, cuestións a mellorar...)? Si/non/ás veces.

3. Se procede... En que medida as accións que propoñedes desde o centro teñen en conta a cuestión de xénero? (valora do 1 ao 5).

En que sentido?

4. Cres que se traballan no proxecto cuestións que afectan especificamente ás mozas/mulleres?

En que sentido?

5. Quen participan no seu centro no proxecto?

Con que criterios se decide quen participa?

6. En que actividades e con que rol participan as mozas/mulleres? E os mozos/homes?

7. Pensas que hai actividades no proxecto dirixidas cara ao apoderamento das mozas/mulleres?

Se as hai, cal é o papel e participación dos mozos nestas actividades? E no proxecto en xeral?

8. En que medida consideras que o enfoque de xénero está suficientemente traballado desde o proxecto? (valora do 1 ao 5).

Por que?

9. Favorécese en Escolas sen Racismo a existencia de espazos de información e reflexión específicos para mozas/mulleres? E para nenos/homes? E mixtos?

Se os hai... cales son eses espazos/actividades?

10. Fálase de feminismos no seu centro educativo a través de Escolas sen Racismo?

En que medida? (valora do 1 ao 5)

11. Cres que os materiais didácticos do proxecto se elaboran nunha linguaxe axeitada e adaptada?

12. En que medida se utiliza e defende unha linguaxe inclusiva? (valora do 1 ao 5)

13. Percibes que o persoal do centro ten necesidades formativas en cuestións de xénero?

Por que?

14. Tedes algunha proposta nesta liña?

15. Cres que o proxecto ten contribuído a un cambio positivo nas relacións entre mozas e mozos?

Por que?

16. E no sentido contrario, que aspectos ao redor da cuestión de xénero sería bo traballar no proxecto?

17. A participación do centro educativo en Escolas sen Racismo, contribúe nalgunha medida no traballo do propio centro educativo na cuestión de xénero? Por que cres iso?

GUIÓN 4.

Entrevista a Carolina Diz Otero, asesora técnica en Cooperación para o Desenvolvemento e Acción Humanitaria da Xunta de Galicia.

1. Experiencia e valoración da EDCG no curso pasado, especificamente a partir do contexto COVID-19.
2. Valoración experiencia específica de proxecto ESR.